

UNHA DE MEDO

MEMORIA DA ACTIVIDADE

É a primeira actividade de dinamización baseada nun criterio temático que levamos a cabo neste curso, COORDINADA COAS ACTIVIDADES DO Club de Lectura que, como se recordará, xira este curso en torno á temática do medo. O primeiro de novembro e a inveterada tradición de programar nesta data unha representación do Tenorio leváronnos, tirando por elevación, a descubrir unha veta inagotable e frutífera nas diversas caras do medo. Halloween tamén axudou.

A actividade tiña como propósito dinamizar todos os fondos que, directa ou tanxencialmente, tivesen relación con esta reacción primitiva, instintiva e absolutamente vinculada á vida. Tamén os animais experimentan o medo. Entre as actividades que foron balizando a campaña tivemos:

- Unha exposición de cartelería anunciadora da campaña no primeiro andar para crear suspense e levar o alumnado á biblioteca.
- Una exposición de análise estilística e temática con reflexións sobre as claves do xénero . A esta serie de carteis chamámoslle “A raíz do medo” e percorría, en clave de humor, cuestións como a atmósfera, as localizacións, os obxectos malditos, os protagonistas, os acontecementos detonantes da aparición do medo... Esta segunda exposición situámola, como xa é habitual, baixo os sobres de vidro das oito mesas da biblioteca, sinalizando convenientemente o sentido de lectura.
- Unha escenografía sorprendente (enténdase que se trataba de obxectos de atrezzo) que inzou a biblioteca de cruces de prata, arañeiras noxentas, panos de liño que se dependuraban como sudarios inquedañtes das mesas de exposición dos armarios e, naturalmente, a nosa peza estrela: o baú dos medos, que co tamaño aproximado ao dun cadaleito, recibía aos usuarios á entrada da biblioteca e foi o receptáculo dunhas fichas que facilitamos ao alumnado para que nos explicasen que era o que lles infundía máis medo.

- Unha enquisa en gran formato (o tamaño dun taboleiro).
- A remoción de fondos para exposición, a inclusión do texto “TERROR” no campo “materia” na ficha electrónica de cada rexistro, o seu etiquetado con indicación de materia (cor laranxa forte) e a instalación de tres mesas que puxeron á disposición dos usuarios para o seu manexo físico (aos lectores gústanos tocar os libros).
- Unha selección de obras de arte relacionadas co medo: imaxes penduradas das lámparas.
- A difusión entre o profesorado dun documento no que explicamos a campaña para concitar cumplicidades á hora de animar ao alumnado á participación e pedimos colaboración na formación de usuarios recordando as vías de recuperación de libros na biblioteca (procura física e “on line”).
- Sesión de lectura colectiva na que participaron maioritariamente os niveis de cuarto da ESO e de 1º de BACHARELATO, previa selección de textos realizada pola profesora encargada do Club de Lectura.
- A publicación dous folletos con recomendacións de obras de terror (un para o cine e outro para a literatura).
- A proxección de dúas películas en xornada extraescolar (Los Otros, de Amenábar, e Frankenstein, de Keneth Brannagh) os martes pola tarde (coa sorte de que o primeiro deles foi... MARTES 13!